

Troita

Nº 14

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Maio 2014

A Festa da Troita faise maior de idade

O Concello de Oroso ten todo listo para a XVIII Festa da Troita, que terá lugar do 9 ao 11 de maio. "Unha edición especial, pois a nosa troita cumpre a maioría de idade. Un tempo no que se ten convertido na primeira e única Festa de Interese Turístico da contorna e no que se ten situado entre as mellores festas de toda Galicia", explica o alcalde Manuel Mirás. Un éxito que Mirás atribúe a que "ano tras ano, a Troita non deixa de reinventarse para atraer novos visitantes ao tempo que trata de sorprender aos seguidores máis fieis".

Entre as novidades deste ano figura o traslado do xantar da Troita á Alameda de Góis, de xeito que os comensais xa non terán que desprazarse ata o polideportivo Juanito Amigo senón que disfrutarán do xantar na propia Alameda, que será o epicentro da festa. Outra novidade terá lugar no mercado da artesanía e os oficios. O coordinador da Festa da Troita, Antonio Leira, explica que "os obradoiros e as exhibicións dos artesáns son un dos puntos fortes da Troita dos últimos anos pero agora queremos ir un paso máis aló e poder converter o centro de Sigüeiro nun auténtico **mercado medieval**". Así, durante eses tres días, ademais dos postos e das exhibicións dos artesáns, os visitantes tamén disfrutarán de espectáculos con lume, pasarrúas con zancos, espectáculos de maxia para os máis pequenos, espectáculo de pompas de xabón xigantes e pasarrúas con malabares.

Ademais, a **degustación de troitas** do domingo 11 de maio será a máis participativa da historia desta festa, pois a día de hoxe conta coa participación de 38 bares e restaurantes, catro máis ca no 2013, que ofrecerán troitas con cada consumición. Antonio Leira destaca e agradece "a colaboración dos 38 establecementos de hostalería que participan na degustación de troitas e que fan un investimento importante para poder agasallar aos seus clientes". Manuel Mirás asegura que "cada euro que investimos na Festa da Troita retorna a Oroso multiplicado por dez xa que cada ano atrae a milleiros e milleiros de visitantes. Iso supón ingresos para os establecementos hostaleiros e comerciais do pobo e tamén dar a coñecer Oroso por toda Galicia". Ademais, Mirás destaca que "neste Concello sabemos xestionar ben as cousas e aproveitamos moitas sinerxías, pois moitas das actuacións están protagonizadas por asociacións e entidades culturais deste municipio ás que estamos moi agradecidos pola súa colaboración: Lembranzas do Tambre, Buxos Verdes, Néboas no Cumio, o club ciclista Tambre-Bike, o club deportivo Alecrín..."

Así mesmo, a XVIII Festa da Troita manterá o **Festival Oroso en Vivo**, que traerá a Oroso ás mellores orquestras do momento: París de Noia e Costa Oeste (venres 9 de maio), Panorama e Metrópolis (sábado 10 de maio) e Galilea (que fará dobre quenda o domingo 12 de maio coa sesión vermú e a verbena da tarde). Tamén se mantén no programa unha das grandes sorpresas das dúas últimas edicións: a exhibición de hip hop e break-dance, que terá lugar o sábado 10 de maio ás 19:30 horas na praza de Isaac Díaz Pardo. Canda eles actuarán tamén Lembranzas do Tambre e Néboas no cumio. Por último, o Concello de Oroso non se esquece dos nenos que, ademais de poder participar o domingo no Campionato de Pesca Infantil, tamén contarán con obradoiros e espectáculos de clown.





As obras de reurbanización da rúa do Tambre, en breve

O alcalde Manuel Mirás confirma que nas próximas semanas darán comezo as obras de reurbanización da rúa do Tambre (Sigüeiro), nas que o Concello de Oroso vai investir 135.000 euros. Así, o Concello segue coa súa aposta de mellorar as principais rúas da capital municipal, como fixera en anos anteriores coa rúa do Portiño ou coa Xuncal. Unha vez rematadas as obras de reurbanización da rúa do Tambre, tamén se investirán outros 44.000 € en instalar saneamento nas rúas do Barreiro e da Ulloa.



As obras permitirán nivelar as distintas alturas das beirarrúas, como no Xuncal



O Oroso TM Celme (Saleta López, Sara Martínez e Silvia Álvarez) ascendeu á División de Honra Nacional. O Oroso TM consegue 4 ouros, 2 pratas e 1 bronce nos XXII Campionatos Galegos Sub 23; e os cadetes 2 ouros, 3 pratas e 1 bronce



Os prebenxamíns da ED Xuventude Oroso revalidaron o seu título



Xadrez Oroso, subcampións do Torneo Liga Base Galicia Central. Martín Pena (dta.), campión galego; e Sara Míguez (esq.), 3ª clasificada



Os alevíns da ED Xuventude, campións de Liga




Oroso, co deporte: pesca, fútbol, tenis de mesa, xadrez, taekwondo, ciclismo..



Os centos de veciños e veciñas que practican deporte en Oroso son os nosos mellores embaixadores polo mundo adiante. Non só disfrutan do deporte que lles gusta, senón que por riba non deixan de gañar títulos, campionatos, ascensos, etc. Tal é o ritmo, que case que encheríamos un "Troita" cos seus éxitos. E o que está preparado para o mes de maio xa é de traca.

O club Xadrez Oroso organiza o sábado 3 de maio o seu I Torneo Concello de Oroso, no que tiveron que colgar o cartel de "non hai billetes" pois contan con 100 anotados. Esa mesma fin de semana, a ED Xuventude Oroso organiza O II Torneo benxamín-alevín de fútbol. O domingo 11 de maio, o Tambre-Bike organiza a I Quedada BTT da Troita: Ruta das Lobeiras. 41 kms de dificultade media. Un día antes, o sábado 10 de maio, teremos o Campionato de Pesca da Festa da Troita e o Curso de Estratexia de Competición organizado polo Club Taekwon-do ITF Oroso. Alguén dá máis?





O Concello programa múltiples actividades polo Día das Letras Galegas

O Concello de Oroso ten preparado un programa especial para conmemorar o Día das Letras Galegas, que inclúe concursos, exposicións, contacontos e obradoiros. A biblioteca de Sigüeiro será o epicentro das actividades e nela haberá unha mostra sobre Xosé María Díaz Castro, homenaxeado este ano. Así mesmo, xa está convocada a décima edición do **Concurso de Marcapáxinas**, cuxos premios serán entregados o 14 de maio, e que poderán visitarse na biblioteca. Ademais, o 14 de maio, ás 18:00 h., Elefante Elegante ofrecerá unha sesión especial de contacontos chamada **"O aviador"**. E o mércores 16 de maio, tamén ás 18:00 h., Viravolta Títeres ofrecerá o obradoiro **"Marionetas de papel"**. E ollo aos cambios no programa de animación á lectura por mor da Festa da Troita e do Día das Letras Galegas. Só haberá dous **contacontos** os sábados (o 3 e o 24) baixo a temática "Contos vellos para rapaces novos". O clube de lectura reunirase o venres 23 de maio, ás 18:00 h. E haberá dúas sesións especiais: un **obradoiro** co gallo da Festa da Troita (10 de maio, ás 11:30 h.) e unha gran **festa de despedida** desta temporada (30 de maio, ás 18 h.). En todos os casos a participación é de balde pero hai que anotarse na biblioteca ou no 981 690 903.



Día Internacional do Libro Infantil

O Concello de Oroso informa de que este ano non haberá mesas electorais no CEIP de Sigüeiro, polo que os veciños e veciñas que tradicionalmente votaban aló agora poderán votar ou no Centro Cultural ou no Centro Cívico de Sigüeiro (o antigo centro de saúde). O Concello de Oroso enviará cartas aos veciños e veciñas afectados para informalos desta reorganización das mesas electorais para os comicios do 25 de maio e así evitarlles molestias.

IMPORTANTE: Os veciños que votaban no CEIP de Sigüeiro terán que facelo no Centro Cívico ou no Centro Cultural



O Concello de Oroso informa de que este ano non haberá mesas electorais no CEIP de Sigüeiro, polo que os veciños e veciñas que tradicionalmente votaban aló agora poderán votar ou no Centro Cultural ou no Centro Cívico de Sigüeiro (o antigo centro de saúde). O Concello de Oroso enviará cartas aos veciños e veciñas afectados para informalos desta reorganización das mesas electorais para os comicios do 25 de maio e así evitarlles molestias.



As melloras en Vilalbarro e O Cruceiro comezarán no verán

As obras da primeira fase do proxecto de preinstalación de alumado público e de zonas peonís na estrada que une Vilalbarro e O Cruceiro coa N-550 (Oroso) comezarán este verán. Así o anuncia o alcalde Manuel Mirás, quen explica que "as obras se executarán no verán xa que é o tramo que afecta a un maior número de vivendas, polo que así lles evitaremos aos veciños as molestias que poderían causar estes traballos se se executasen cun tempo chuvioso, xa que se enlamarían os accesos as vivendas".



Imaxe da zona, onde se mellorará o alumado e a seguridade viaria

3	Contacontos (11 h) Festa dos maiores (14 h) I Torneo Xadrez (16 h) II Torneo benxamín-Alevín ED Xuventude (10 h)	10	FESTA DA TROITA Obradoiros infantís (11:30 h) Clown (18:00 h) Hip-hop, bailes de salón (19:30h) Panorama/Metrópolis (22:30 h)	16	Viravolta Títeres: "Marionetas de papel" (18:00 h)
4	Gala da Solidariedade (17:30h) II Torneo benxamín-Alevín ED Xuventude (9:30 h)	11	FESTA DA TROITA Degustación de troitas (12:30 h) I Quedada BTT da Troita (9:30 h) Pregón (13:30 h) Orq. Galilea	23	Club de lectura
4	Fin de entrega de orixinais para Goisorsoartes 2014	14	Charla maiores: "Diabetes e alimentación" (17:00 h) Entrega Marcapáxinas (18:00 h)	24	Contacontos (11 h)
9	FESTA DA TROITA Mostra obradoiros (20:30 h) París de Noia/Costa Oeste	14	Elefante Elegante: "O aviador" (18:00 h)	25	Obradoiro de salsa. Club Alecrín (17:00 h)
				30	Festa de despedida do programa de animación á lectura (18:00 h)

Axenda: Maio

Foi noticia...



Oroso distingue aos seus veciños e á súa cultura

Non están todos os que son, pero menudos son os que están!! Así poderíamos resumir a I Gala da Cultura de Oroso, que distinguiu ás entidades, asociacións, empresas e veciños que máis fixeron pola cultura tanto durante a súa traxectoria como durante o 2013. Se botas en falta a alguén, xa podes ir preparando a súa candidatura para a próxima edición!!!



Oroso ten nova entidade deportiva: Alecrín Club Deportivo, dedicada ao baile deportivo e que xa conta con 60 socios. Farán unha exhibición durante a Troita. Máis información no 881 981 738.



Preto de 300 persoas participaron no I Encontro Familia Rítmica Compostela, celebrado en Sigüeiro. O concelleiro Luís Villaverde agradeceu "esta magnífica demostración de ximnasia rítmica".



Membros de Protección Civil de Oroso deron clases de primeiros auxilios a alumnos do IES Oroso, que aprenderon a asistir a persoas en situación de emerxencia e recibiron consellos de prevención de riscos.



Unha carreira de récord: case 900 corredores!!!

A II Carreira Pedestre Concello de Oroso situouse por méritos propios como unha das probas de referencia do atletismo galego, tanto pola súa boa organización como pola gran participación: 892 corredores. Os gañadores absolutos foron Juan Pablo Fernández e Silvia Deira. Noraboa a todos os participantes"



Juan Pablo Fernández e Silvia Deira gañaron a II Carreira Pedestre Concello de Oroso